

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 10/01/1962

Colección:

Data: 10/01/1962

De:

Manuel Puente;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE].

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Xaquín Lorenzo Fernández; Ramón Otero Pedrayo; Rodolfo Prada;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 10/01/1962

Manuel Puente
Buenos Aires, Xaneiro 10 de 1962

Sr. Don
Luis TOBIO
MONTEVIDEO

Meu querido amigo:

Recibín onte a súa carta –22 Nadal con un retraso enorme.-

Aproveito a ida a esa do noso bon amigo Prada no día de mañana para mandarlle o orixinal do traballo de X. Lorenzo referente:

OS PRODUCTOS DO MAR”, eu non teño copias das quartelas feitas a máquina po lo que non podo saber o que corresponde os Nº. 66 a 68 –por eso lle envío todo o traballo– rougandolle o conserve porque me gusta gardalo.

Dentro de uns días lle mandarei copia das cartas que farei a Del Riego e Don Ramón.-

En canto a O Mapa Xeral de Galiza xa está pedido a Madrid e Ud verá si conven ou non agardar por el.-

Alégrome que a impresión estea tan adiantada, doume perfecta conta do enorme traballo que siñificou para vostede por en órden os orixinás e todo o demais de clichés etcétera; O desorden nos orixinás non foi por falta das nosas recomendacións, que chegamos a pedirlle se poxeran da cordo, na unificación do idioma etcétera, e de esperar que con la dirección de Del Riego os futuros traballos veñan como corresponde.-

O meu sobriño tróuxome a mayor parte das fotografías –cando non precise as poucas que quedaron ahí rógolle enviarmas para devolvelas.

Con moitos saudos dos amigos de aquí e con augurios de un bó ano 1962 –para vostede e familia reciba uha aperta do seu amigo e

S S S

Manuel Puente [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.